

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD01	Ensinanza e animación sociodeportiva	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1146	Empresa e iniciativa emprendedora	2024/2025	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ANTONIO TRABA MIÑONES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Os contidos do módulo axustaranse ó contorno produtivo do título, que neste caso abrangue o descrito a continuación: As persoas que obteñen este título exercen a súa actividade profesional tanto no ámbito público, administración xeral, autonómica ou local, coma en entidades de carácter privado, grandes, medianas ou pequenas empresas que ofrecen os seus servizos de ensinanza deportiva, acondicionamento físico, inclusión sociodeportiva e recreación.

A súa actividade desenrólase nas áreas da animación social, a ensinanza físico-deportiva en diferentes contornos e idades, a animación turística e as actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil, ocupándose da planificación, organización, dinamización e avaliación das actividades. Así mesmo, pode ocuparse da organización de competicións non oficiais e pequenos eventos físico-deportivos para todo tipo de usuarios e para empresas de turismo activo.

A súa actividade desenrolase en instalacións deportivas convencionais e non convencionais e na contorna natural, así coma en instalacións turísticas, tales coma hotéis, balnearios, campamentos para turismo e cidades de vacacións. Os sectores produtivos de inserción profesional son os do deporte, turismo, ocio e tempo de lecer educativo infantil e xuvenil.

Ás ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes.- Profesor/a de actividades físico-deportivas (natación, atletismo, baloncesto, voleibol, tenis e pádel, entre outros)- Animadora/a físico-deportivo e recreativo.- Animador/a de actividades de inclusión sociodeportiva.- Animador/a de veladas e espectáculos en instalacións turísticas.- Animador/a de actividades recreativas ó aire libre en instalacións turísticas.- Coordinador/a de actividades de animación deportiva.- Coordinador/a de actividades físico-deportivas en instalacións deportivas de empresas turísticas ou entidades públicas privadas.- Coordinador/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil- Coordinador/a de campamentos, de albergues de xuventude de casas de colonias, de granxas-escolas, de aulas de casas de xuventude e escolas da natureza.- Coordinador/a de actividades paracurriculares no marco escolar.- Responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil.- Director/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil.- Director/a de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escolas, de aulas de casas de xuventude e escolas da natureza.- Director/a de actividades paracurriculares no macro escolar.- Xefe/a de departamento de animación turística.- Cronometrador/a, xuíz/a e árbitro de competicións deportivas non oficiais.- Promotor/a deportivo/a e de competición de nivel elemental ou social e de eventos deportivos de nivel básico.- Monitor/a de actividades físico-deportivas e recreativas en campamentos.- Monitor/a de tempo libre.- Socorrista en instalacións acuáticas.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Quiero crear mi propia empresa	El emprendedor, la idea de negocio y las actitudes empresariales	7	12
2	¿Qué debo saber del entorno de mi empresa?	El entorno, organización de una empresa y análisis DAFO	9	12
3	¿Cómo puedo aplicar el marketing a mi idea de negocio?	Estudio de mercado, el mercado, marketing mix	10	14

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	¿Cuánto cuesta mi idea y con qué recursos cuento?	Inversión vs gasto, plan de financiación, autofinanciación y fuentes de financiación	12	15
5	¿Será rentable mi futuro negocio?	Análisis económico financiero de mi empresa	7	12
6	¿Qué tipo de empresa me interesa y cuál es su fiscalidad?	Formas jurídicas de la empresa, impuestos IRPF e IS	7	12
7	Empezamos con los trámites	Trámites de constitución de una empresa	5	11
8	¿Qué documentos tengo que utilizar?	Albarán, factura, medios de pago, factura electrónica	6	12

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Quiero crear mi propia empresa	7

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora

Criterios de avaliación
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da animación sociodeportiva e da animación turística
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural
CA3.1 Analizouse o concepto de empresario/a, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
Actuación das persoas emprendedoras no sector da animación sociodeportiva e da animación turística.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	¿Qué debo saber del entorno de mi empresa?	9

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	SI
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística en función da súa posible localización
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada con servizos de animación sociodeportiva e de animación turística e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen
CA2.8 Identificáronse, en empresas de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, prácticas que incorporen valores éticos e sociais
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da animación sociodeportiva e da animación turística

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística: clientela, provedores/as, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	¿Cómo puedo aplicar el marketing a mi idea de negocio?	10

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	¿Cuánto cuesta mi idea y con qué recursos cuento?	12

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais

**Crterios de avaliación**

CA4.2 Descríbonse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa

CA4.3 Defíníronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada con servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais)

CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial

**4.4.e) Contidos**
**Contidos**

Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).

Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da animación sociodeportiva e da animación turística.

Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.

Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística: documentos administrativos e documentos de pagamento.

Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	¿Será rentable mi futuro negocio?	7



**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	¿Qué tipo de empresa me interesa y cuál es su fiscalidad?	7

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da animación sociodeportiva e da animación turística
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa
CA3.6 Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada con servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais)

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
O/a empresario/a. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario/a.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.

Contidos
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Empezamos con los trámites	5

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa
CA3.6 Identifícaronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica
CA3.7 Identifícaronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística tendo en conta a súa localización
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións

**4.7.e) Contidos**

Contidos
<p>Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.</p> <p>O/a empresario/a. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.</p> <p>Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.</p> <p>Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.</p> <p>Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.</p> <p>Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.</p> <p>Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística: documentos administrativos e documentos de pagamento.</p> <p>Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.</p>

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	¿Qué documentos tengo que utilizar?	6

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial

Criterios de avaliación
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa
CA3.6 Identificáronse os trámites exixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, notas provisorias e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito dos servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.
O/a empresario/a. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de servizos de animación sociodeportiva e de animación turística: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1 Mínimos esixibles: Os así descritos no apartado 4.c) da programación
5.2. Instrumentos de avaliación: A avaliación en base á suma de dous criterios co seguinte peso na nota final de cada avaliación: - EXAMES: como instrumento de avaliación empregaranse probas de coñecemento, mediante probas obxectivas, teóricas e prácticas, que terán

unha ponderación na nota final dun 70%. Realizarase polo menos unha proba escrita por avaliación que pode incluír preguntas test, preguntas de desenvolvemento ou supostos prácticos relativos aos contidos traballados en cada avaliación, valorándose de 0 a 10 puntos cada proba. Exixírase unha cualificación de como mínimo 5 puntos sobre 10 en cada unha das probas escritas da avaliación para obter a cualificación de aprobado nesta parte, ponderando finalmente a media resultante en base ao criterio anteriormente citado. Se a cualificación dun exame resulta inferior a 5 puntos ou non se realiza algún exame, a avaliación estará suspensa, con independencia das notas obtidas noutros exames da mesma avaliación e con independencia da cualificación obtida no apartado de tarefas.

- Tarefas: comprende a realización de traballos e de exercicios. As tarefas representan un 30% da nota da avaliación. Nos traballos e exercicios avaliarase: a dilixencia, a presentación, a estrutura, a adecuación do contido ao nivel esixido e as conclusións. Para levar a cabo a avaliación observarase de xeito continuo a realización das tarefas desenvolvidas na aula e fora da mesma, o manexo do vocabulario e a resposta ás preguntas plantexadas polo profesor. En cada unha das avaliacións establecerase a entrega de polo menos un traballo (parte do Proxecto Empresarial realizada ata o momento) ou suposto práctico, que será cualificado de 0 a 10 puntos. E necesario obter unha nota mínima de 5 no proxecto empresarial para superar o módulo. É obrigatorio ter superadas todas as avaliacións cunha nota mínima de cinco, para ser declarado apto no módulo.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Se o alumnado non supera algúnha das avaliacións, poderá seguir as medidas que se describen a continuación:

Aos alumnos que non superen o módulo antes da proposta de F.C.T., realizarán un plan de actividades de recuperación. A tal efecto, as actividades de recuperación terán lugar durante o período de FCT do 2º curso (abril-xuño), durante o cal, se lle asignarán unas horas de tutoría para resolver dúbidas e aclarar conceptos. Neste suposto, a avaliación tería lugar en xuño. Para superar o módulo é requisito imprescindible obter unha nota mínima de cinco na proba de xuño. Tamén poderá esixirse a presentación dun proxecto de empresa. Así, desenvolveranse as seguintes actividades de recuperación:

- Resolución de actividades, que incidan nos contidos que lle supuxeron maior dificultade.
- Resolución das dúbidas plantexadas.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

No caso de perda da avaliación continua por faltas de asistencia (en relación co NOF do CPR e en relación á carga horaria deste módulo enténdese que a perda do dereito á avaliación continua chega ao superar o 10% do total de horas do módulo) o sistema de avaliación deste

alumnado consistirá nunha proba escrita ao final do módulo, e sempre antes da avaliación final do mes de xuño, de contido teórico-práctico. Será necesario obter unha puntuación superior a 5 para aprobar o módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación docente realizarase a título individual mensualmente, cotexando as actividades previstas na programación coa marcha cotián das clases. Mensualmente comprobarase si se cumpren os prazos establecidos. De ser necesario, revisaranse as oportunas programacións de aula introducindo os cambios necesarios. Rexistraráse a seguimento na aplicación correspondente. Na memoria de fin de curso inclúranse todas estas modificacións, así como a valoración que o departamento faga sobre a idoneidade da metodoloxía empregada así como dos materias curriculares e didácticos.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso o profesor realizará un cuestionario oral ou escrito con preguntas sobre aspectos xerais relacionados co módulo, trátase de avaliar os coñecementos previos que os alumnos posúen sobre a materia obxecto de estudo. Ademais durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención a participación do alumnado nas clases e as dificultades que poidan atopar. As conclusións acadadas sinalaranse na reunión da avaliación inicial do grupo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación elabórase tendo en conta que debe dar resposta a diversidade do alumnado, por elo concíbese de forma aberta e flexible posibilitando a adaptación ás condicións específicas de cada alumno ou alumna. Có obxectivo de conseguilo as actividades de clase deben prestar atención ao traballo en equipo e a axuda recíproca dos alumnos, así como o fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais. Por outra banda colaborárase co departamento de orientación na posible detección das necesidades educativas específicas dos alumnos así como nas pautas de actuación a seguir se se dera o caso. No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo. En todo caso, a cualificación do alumno realizarase tomando como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación relacionados cos resultados de aprendizaxe que permitan o logro da competencia xeral característica do Título. Deste xeito, calquera adaptación do currículo en función das necesidades educativas do alumnado estará dirixida, non aos elementos prescriptivos (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) senón á modificación doutros aspectos que poden mellorar o rendemento destes alumnos, como o respecto ós ritmos de aprendizaxe, á selección de distintos materiais, actividades variadas, propostas de avaliación diferentes, adecuación dos tempos e dos espazos, etc. En calquera caso e dende o primeiro momento, a través da avaliación inicial e coa colaboración do seminario de Orientación, este departamento traballará coa finalidade de identificar de xeito adecuado o nivel de coñecementos e capacidades de cada alumno. O obxectivo será poder detectar posibles carencias ou dificultades que se poidan presentar no seguimento, por parte do alumnado, da programación do módulo correspondente.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

En todas as áreas dos módulos deste departamento teñen que estar presentes uns temas que denominamos transversais, que se vertebran como fundamentais para garantir unha completa formación do alumnado no plano profesional e persoal. Estes temas cobren todo o proceso educativo e son de carácter fundamentalmente actitudinal:

Educación para a saúde: Polo que respecta á educación para a saúde e a calidade de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral,. O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os compañeiros/as e a empresa en xeral.

Educación multicultural. A educación multicultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e resulta máis urxente polos brotes de xenofobia observados ante a crecente presenza de inmigrantes. Os obxectivos serán espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e costumes, así como desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

Educación do consumidor. A finalidade é adquirir esquemas de tomas de decisión que consideren todas as alternativas e as consecuencias a nivel individual, social, económico e medioambiental. Tamén se procurará desenvolver o coñecemento dos mecanismos básicos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e o xeito de facelos efectivos. O obxectivo en definitiva, é crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Educación para a igualdade. Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia que este asunto ten no mundo da empresa; o home e a muller deben de ter igualdade de oportunidades no ámbito laboral, polo mesmo traballo tense que percibir a mesma remuneración. Esta cuestión irase desenvolvendo ó longo do curso e do temario.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Cantas actividades desenvolva o departamento en coordinación có departamento do ciclo.